

## ACTA Reunión Mesa CICLO INTEGRAL DA AUGA

LUGAR - data. Inicio: 13:00 h. Fin: 14:30 h.

Sendo as 13:00 horas do día 27 de maio de 2016, na Sala de Xuntas de EMALCSA reúnese en sesión ordinaria/extraordinaria a Mesa da Xestión do ciclo integral da auga , asistindo á mesma:

### Coordinadores/as convocados/as e asistencia:

- Xulio Ferreiro
- Iago Martínez Durán
- José Manuel Peña Penabad
- Luis Freire Pérez de Juan
- Carlos Ameijenda Mosquera (Asiste)
- José Ramón Amado de la Fuente
- Fco. Javier Santos Maseda
- Juan Carlos Gómez Pérez (Asiste)
- Ángel García Seoane
- Sandra Pérez Mosquera (Asiste)
- Oscar Benito Portela
- Miguel Tenreiro
- Miguel Angel Sandar Picado (Asiste)
- Jesús E. Moreno Fernández (Asiste)
- Jaime Castiñeira de la Torre (Asiste – Coordinador)
- Carlos E. Lamora Suárez (Asiste)
- José Ramon García Vázquez
- Antonio Vázquez Lorenzo
- Teresa Perales Teijo
- Oscar García Patiño
- Juan González – Leirós
- Oscar Souto Muiño (Asiste)
- José Luis Fernández Mouriño (Asiste)
- Julio Sacristán de Diego
- Roberto Babío Fernández (Asiste)

### En dita reunión desenvólvese o seguinte ORDE DO DÍA:

1. Réxime de Funcionamiento da Mesa de Traballo.
2. Calendario de traballo da mesa
3. Punto de partida
4. Análise de situación
5. Asistencias técnicas en marcha / previstas a corto prazo
6. Priorización dos traballos
7. Rogos e preguntas

No desenvolvemento da reunión se segue o orden do día preestablecido (ou engadiuse o tratamento de XXXXXX), transcorrendo a reunión de acordo co que segue.

1. **Jaime Castiñeira** (Emalcsa) informa aos participantes dos acordos adoptados na Mesa de Coordinadores e de los que entregase copia e aproban.

Subliña os principais temas a desenvolver en futuras mesas:

- a. Posta en común do Plan Director e de Emerxencia do sistema de Abastecemento da área metropolitana de A Coruña.
  - b. Inventario detallado e aclaración da titularidade das infraestruturas.
  - c. Lago de Meirama. Propón celebrar unha próxima reunión nas instalacións de Limeisa.
  - d. Posible creación dun servizo de vixilancia de verquidos.
  - e. Determinar a estratexia a seguir para resolver os problemas de abastecemento e saneamento do rural disperso.
  - f. Determinar as necesidades de saneamento de cada municipio e as posibilidades de financiación.
2. **Roberto Babío** (Culleredo) remarca a necesidade de fixar uns criterios comúns para a valoración dos servizos da auga non distintos municipios como primeiro paso na posible mancomunidade para o abastecemento.
  3. **Óscar Souto** (Cambre) indica que:
    - a. Actualmente, en ningún municipio da área metropolitana se conseguiu alcanzar un modelo de xestión que abrangue o ciclo integral da auga.
    - b. É necesario coñecer en detalle o estado dos distintos servizos e traballar de xeito mancomunado.
    - c. Expresa as súas dúbidas respecto a factibilidade do depósito de Alvedro previsto no plan Director
    - d. É fundamental que Emalcsa poña en común o plan director e explique o funcionamento do sistema de abastecemento. Así, opina que o servizo en alta non debería supor un problema pero que é necesario estudar a viabilidade técnica e económica da prestación común dos servizos.
    - e. Opina que todos os concellos deben aprobar unhas ordenanzas que regulen o saneamento autónomo.
  4. **José Luís Fernández**, Alcalde de Carral, informa que ten contratado a Emalcsa a prestación dos servizos de abastecemento e saneamento municipais con moi bos resultados. Na súa opinión este feito supón un bo exemplo de que a mancomunidade dos servizos da auga e factible.

Por outra banda, expón que a súa actual preocupación é estudar a solución de saneamento dos núcleos situados na bacía do río Barcés, para minimizar o impacto sobre a calidade das augas que abastecen a área metropolitana.

5. Carlos Lamora, da **EDAR de Bens** presenta a súa empresa é expresa a disposición da mesma para prestar os seus servizos a calquera municipio interesado en tratar as augas residuais.

Informa tamén de que veñen de asumir o mantemento dos bombeos de Oleiros e a ría do Burgo.

Pon a disposición dos presentes o regulamento para a xestión das fosas sépticas que o concello de Arteixo acaba de incorporar as súas ordenanzas.

6. **Sandra Pérez** (Oleiros) indica que hai que aclarar a titularidade das infraestruturas.



7. **Miguel Sandar** (Consortio) manifesta a súa conformidade coa creación dun “corpo” de policía medioambiental que ademais da vixilancia de verquidos poida integrar outras competencias como o control da recollida selectiva de residuos sólidos urbanos por parte da cidadanía.

Así mesmo, informa de que polo momento entre as competencias do Consortio non se inclúe a prestación do servizo da auga, pero ofrece a súa total colaboración para axudar a elaboración e difusión das iniciativas que resulten da mesa: inventario de instalacións, regulamentos, etc.

8. **Carlos Ameijenda** (Abegondo) lembra o enorme esforzo realizado polo municipio no desenvolvemento do proxecto Life AquaPlann xunto a Emalcsa e a Xunta de Galicia na creación dunha estratexia común en defensa do bo estado das masas de auga da bacía dos ríos Mero e Barcés, que agora vese reflectido na posta en marcha da Mesa da Xestión do Ciclo Integral da Auga. Espera que esta iniciativa marque un punto de inflexión no modelo de xestión hídrica e sirva de exemplo de aplicación da Directiva Marco da Auga.

Por outra banda, informa de que a pesar de que Abegondo conta cun sistema de abastecemento e saneamento municipal propio é, probablemente, o principal responsable de evitar a afección da masa de auga que abastece á área metropolitana: o encoro de Abegondo – Cecebre. Deste xeito, considera prioritario que a Mesa axude a conquistar a financiación necesaria para rematar o saneamento dos núcleos de poboación situados a beira do encoro e a ampliar a EDAR de Beldoña.

Por último, traslada aos presentes a invitación do Alcalde a visitar ás EDAR con tratamento biolóxico extensivo, como solución sostible de saneamento dos núcleos rurais, e a participar na conferencia internacional sobre abastecemento autónomo en Santiago do Compostela do vindeiro 10 de xuño, onde o propio concello, Augas de Galicia e a Consellería de Sanidade darán a coñecer as conclusións preliminares do proxecto Life Rural Supplies.

9. **Juan Carlos Gómez** (Bergondo) informa do seguinte:
- Os traballos que está a realizar o Concello para achegar a rede de saneamento ao 70% das vivendas do municipio e a construción da EDAR de Gandarío. A este respecto, mostra a súa inquietude polo futuro mantemento dos numerosos bombeos que foi necesario construír.
  - A importancia de realizar un inventario das redes e instalacións municipais de abastecemento e saneamento, aclarando a titularidade e as posibles carencias ou deficiencias, para poder priorizar actuacións. Como exemplo, explica que o funcionamento da EDAR do Polígono Industrial de Bergondo é ineficaz en períodos de choiva debido a que a rede de alcantarillado é unitaria.
  - É necesario que os regulamentos dos servizos da auga dos municipios da bacía deben ser consensuados.

P

## ACORDOS ADOPTADOS:

1. Posta en común dos plans director e de emerxencia e outras normas / ordenanzas.
2. Realización de inventario de infraestruturas e titularidade.
3. Priorización de investimentos e procura de fontes de financiación.
4. Organización de visitas de estudo ao Lago de Meirama e ás EDAR piloto de Abegondo construídas no marco do proxecto Life Aquaplann.
5. Cursar invitación a Augas de Galicia para a súa asistencia as mesas.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:30 horas, levántase a reunión.

A Coruña, 27 Maio 2016

Asdo.  
**Jaima Castiñeira de la Torre**  
Director General

